

ECLIXITO

ORGANIZADO POLOS ALUMNOS DO INSTITUTO DE CARÍÑO



Alfonso Gómez Reviriego

17 DE MAIO

1986

Mentres enche xa de luz a primavera as águas e areais e ainda os vales todos que conforman este extremo singular e nórdico do país galego,eis que un feixe de raparigas e rapaces do noso instituto molla en tinta a pruma dos seus sonos e aparece-nos conformado na mais recente xeración das nosas letras.Tedes diante de vós unha mostra breve do que estos rapaces andan a facer coa arte da palabra.Poemas dos que abrollan os vestíxios doutros tempos, nomeadamente a Idade Média,ou batem contra os ollos surprendidos do leitor,atitudes semellantes ás que outrora conformaron os nosos "ismos" e das que invexa terian,se vivesen,Manuel António ou Luís Amado Carballo.Contos que combinan o mais popular,e que demostran de onde brota,sen lugar a dúbidas,a imensidada oceanica da nosa literatura folk,co mais recente e inovador das modernas técnicas narrativas.E todo isto escrito,por se ainda houber algun reparo,na mais arcaica e melodiosa das nosas línguas románicas : o galego.

Se hai algo que lle depara unha certa confianza á continuidade da nosa língua e cultura é ver o entusiasmo con que estos rapaces se entregan á tarefa de facer perdurábeis os nosos verbos,os nosos nomes,o xeito peculiar e independente que neste recanto da Ibéria,desde o mais fundo da historia,tivemos para nomear aos seres e ás cousas.

Non resta senón faceremo-nos eco daquel desexo que abrollou dos lábios de Cunqueiro :"mil primaveras mais para Galiza".E infundir-lles a estes mozos que hoxe estrean a sua vca no teatro inesquecible destas páxinas o alento que fai falta no camiño dunha Galiza restituída e auténtica.



OS PROFESORES DE LINGUA E LITERATURA
GALEGAS

COMIC.

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

por ➤

Nito



Nito

Neste soño Totó era o protagonista. Atopábase no primeiro andar do orfelinato aferrada a unha columna xa que da porta do sótaco saía unha corrente como a dun aspirador que atraía toda clase de cousas. De súbito soltaronse as maos e foi dar cos demás cachibaches ao fondo do sótaco. Ali fechou os ollos e apareceu nunha habitación. Ao abrilos veu diante de si a un vello e aos seus amigos : Timoteo, Dinora e Casiotea. Todos a miraban cun sorriso de orella a orella cando ela perguntou :

-¿Onde nos atopamos Dinora?

-Estamos no país de Fantasia e éste é o vello Nepo.

-E ¿como chegámos?

-Nosoutros pertenciamos ao País da Fantasia e saímos ao mundo dos humanos para irte buscar xa que estabas pasándoo fatal. E agora vivemos aqui para sempre con nós e outros nenos eos que lles pasou o mesmo que a ti.

Lucía Santiago López

Mabel Pumar Armada.

Cando esperaba polo meu amado
un páxaro deume un mal recado:
o teu amado no alto mar morreu.

Cando esperaba polo meu querido
deume un mal recado un páxaro ferido :
o teu amado no alto mar morreu.

Un páxaro deume un mal recado
estando eu lendo "O home desamparado":
o meu amado no alto mar morreu.

Deume un mal recado un páxaro ferido
e sentin como se o meu corazón se encontrase detido :
o teu amado no alto mar morreu.

Esteban Diaz Mera.

O FANTASMA DO INSTITUTO.

Ainda que pareza que non os fantasmas vagan por moitos sitios e un deles é o instituto.

A simples vista parece que o instituto é un sitio tranquilo e pacífico pero nestes dous últimos anos fixo gamberradas que nós tivemos que aguantar. O ano pasado moita xente non ía á clase porque via mestres con cara de demo e exames na man dispostos a repartir. Estas visións que vián os rapaces non eran mais que o fantasma facendo gamberradas. Aos mestres de cando en vez faltábanlle o exames e botaban a culpa aos alumnos de que foran mangalos á varredura e agora os pobriños teñen que estar como santos.

Outra gamberrada do fantasma foi a de facer desaparecer os partes para despois nos botar a culpa aos delegados sen termos nada que ver.

O fantasma non só fai gamberradas en contra nosa senón que tamén a favor. Por exemplo, o outro día fixo enfermar a un mestre por unha temporada grande e a unha mestra. A ver cando a este fantasma se lle ocorre facer que os mestres non fagan exames nem dean clases pero penso que isto é moito pedir e ademais por moito que pidamos non se nos concederá.

O fantasma do Instituto descubrino o outro día no papedi hixiénico pola cisterna. Vin a sua sombra, collíño polo pescozo e el berraba pero ninguén escoitaba e entón collíeu e metinlle a cabeza na cisterna durante moito tempo.

E colorín colorado o fantasma foi afogado.

Xosé Manuel Tallón Pol

GALIZA CEIBE

Galiz, espello sonoro de curvas luminosas,
debuxo perfeito, gravados de ámbar,
teito de soildades, cousas formosas.

Miño, río pequeno, pequena fronteira, arteria quebrada polo Sil envexoso,
levas a vida, levas o sangue, Galiz enteira.

Pasados frustrados, pasados tenebrosos,
inquietudes rimbombantes tumbaron a Galiza
baixo solpores laranxa. Desperata, símbolo formoso.

MAARCOS GONZALEZ REI.

UN DIA NA NEVE.

Aquel día desperteime sobresaltada por un ruído que me resultaba moi raro. Era o tocar das campás para a misa das oito, pero hoxe as badaladas non eran longas e melancólicas como sempre senón moi curtíñas e apagadas polo que intuín que estaba nevando.

Fun ollar pola xanela e vin unha paisaxe preciosa, toda branca, nela non se distinguía nen unha flor nem erba, nem se escouitaba o piar dos paxarifos, e a pesar de que isto pode parecer triste, non había estación do ano na que eu disfrutase mais. Eu vivo nunha montaña e cada vez que neva non podo ir á escola pois a nosa aldea queda incomunicada.

Hoxe era un deses días maravillosos. Corrín á habitación do meu avó que me tiña prometido unha chea de veces que o primeiro día do ano que nevase me deixaría un trineo que el usaba cando era neno, e precisamente eu que este ano agardaba a chegada das neves con tanta ansiedade, estas retrasáronse nada menos que até Maio, pero por fin xa estaban alí. O meu avó ainda asombrado polos meus gritos dixo que si coa cabeza e sorriu. Non quixén saber mais, botei a correr cara á miña habitación e púxenme varios xerseis, un grosso pantalón e unhas botas do meu avó. Baxei as escadarias e, cando xa estaba case fóra da casa, a miña avoa mandoume entrar para tomar o almorzo. De moi mala gana bebiñ leite, metín unha galleta nunha bolsiña e fun collar o trineo.

Ao principio ía correndo, pero despois como o trineo pesaba moito e o camiño era moi longo e a miña carreira foise tornando nun pesado e lento camiñar. Cando cheguei a unha colina toda cuberta de neve estiven a piques de dar volta e volver para a casa, pero como me facía moita ilusión, pouco a pouco fun subindo a encosta. Ao chegar ao cume subín no trineo e lanceime colina abaxo até chegar ao val; fixen isto duas ou tres veces e cando mais entretida estaba sentín unha voz que me chamaba fortemente; volvíñ a cabeza pero non había ningún e de súbito todo empezou a taparse nunha densa néboa e atopeime na miña vella clase. A profesora estábame facendo unha pregunta e, ante a miña cara de abraío, todos os rapaces estalaron nunha sonora gargallada que me fixo pór moi colorada. Tras os primeiros instantes de asombro, decateime do que sucedera: a clase de matemáticas era aquela mañá tan aburrida que, ao ver pola xanela a neve tan monótona e silandeira, púxenme a soñar e ainda que pasei un bo rato tamén conseguín unha regañina que fixo que as miña notas de matemáticas baixasen ainda mais do que xa estaban.

ANA SALMON PIÑEIRO.

AS MARAVILLAS DO REI DO MAR.

O personaxe do que vos vou falar neste conto vivía nunha vilaña moi pequena á beira do mar na que só se vivía da pesca. El era un mariñeiro mais pero cun defeito, era o mais baixiño de todos os arredores.

Aquel pequeno mariñeiro chamábase Xoan, mais todos lle chamaban "Polilla". Procuraba traballar como o que mais pero o seu corpo non lle permitía ao poder levantar o mesmo peso nem poder facer parella con ningún debido á sua estatura. Desta forma botábanlo de todos os traballos e non o querían en ningún dos barcos daquela pequena

Foi pasando o tempo e o pequeno Xoán levaba xa percorridos moitas vilas e aldeas pero tarde ou cedo sempre o acababan botando ou fíase el, posto que xa estaba totalmente acomplegado. Así, desta maneira intalouse el no seu pobo e decidiu construirse unha pequena barca para ir ao mar a pescar. Ao principio costoulle moi caro facer el mesmo coas suas mans a barca, mais a medida que pasaba o tempo, fíase esmerando mais na construción. E así, ao cabo de certo tempo, conseguiu o que tanto tempo andara soñando, ter a sua barca e traballar el só, sen que ninguén lle axudara. Chegou mesmo a pensar que isto sería mellor, mais despois de botar a sua barca abajo e estar no mar días e días, sen pescar nada, sen diñeiro, pasando fame e con todas as desgracias xuntas, e xa estaba decidido a deixar todo.

Pero cando estaba o piques de facelo colleu no seu aparello un peixe moi raro, con todas as cores do mundo, dun tamaño considerábel e que dessprendía un extraño resplandor que iluminaba toda a barca e o mar que había ao redor. Quedou asombrado de ver tanta beleza xuntam, apresada nos seus aparellos, que o aprisionaba, e lanzándolle un bico deixouno ir, a pesar dos seus pesares, mais non quería matar a aquel que semellaba o rei do mar.

Foise para a sua casa, mais ledo que o resto dos outros días, ainda que fose coas mans vacías como sempre. Levantouse un día mais para o traballo e, pensando en deixar todo, foise para o mar mais unha vez, nen conta se deu de que medrara un pouco mais até que se meteu na barca e a sua ledicia foi inmensa. Comezou a levantar o aparrello e todo estaba cheo de peixe. Ao pouco tempo a xente daquela pequena vila admiraba a Xoán e ninguén lle chamaba xa "Polilla" nem se explicaban como medrara tanto con vinte anos que tiña, nem como facía para pescar tanto. Aquel home chamado Xoán sabía que desde que viu aquela maravilla nos seus aparellos a sua vida mudara. E é que aquel ser era o rei do mar.

ANA RUBIDO FREIRE.

O FIN.

Obscuridade cercana a mim
que me fas lembrar...

Noite terríbel, noite desesperada
que te achegas sen piedade.

Moitas veces lembro a miña infancia,
rodeada de toxos e bidueiras,
lembro tamén a miña pobreza
á cal lle din os meus anos mozos.

Sen mais nem mais unha nube me envolve,
un tranquilo despertar, unha luz vermella
e, nun monte lonxano sinto a gravidade,
sinto a agua que me empapa até os osos
sen deixarme respirar.

Morte, vida, despertar, dormir, luz, obscuridade.
Uf! Cantas cousas se nos ofrecen nunha vida,
cantas cousas desperdiciamos para ao final ter
que descansar eternamente. Temos que pasar a
formar parte da terra de onde saímos.
Non somos ninguén. Somente cinza.

CARLOS BRANDEIRO

RESPOSTA DUN PASADO HORIZONTAL.

Pensamentos obscuros de rima consoante,
de pasados tumbados envoltos en epitafios,
son o símbolo doído desta vida errante,
finxida de choros, risas e rosarios.

Agora, na treba do meu pensar,
o suspiro temido da sombra infernal,
con dúbida encinzada de chegar,
á táboa cimenta do plano horizontal.

Escenario aberto ao voo dunha cometa,
que se difumina no cruce do vento, espacio insonoro, liberdade
secreta, sentimientos quebrados polo paso do tempo.

Non quero lembrar fúnebres pasados,
nen viver novas encrucilladas, viver en soildade, viver
amarrados
as cartas xa están botadas.

Ao lonxe, o océano sospira
erosionando os verdes peitos da costa,
susurrando que a vida é unha doce mentira
e eu, pomba da miña liberdade, non atopo outra resposta.

MARCOS GONZALEZ REI.

O PAÍS DE CHOCOLATE.

Era de día cando nos fomos, un día soleado e moi alegre. Iamos facer unha viaxe, pero non en coche nem en tren, esta vez era unha viaxe en globo.
Xa tiña as maletas preparadas, non estaban cheas, eu supuña que me ía por pouco tempo. Xunto a min estaba a miña pandilla Tina, Ani e Rosi que ían comigo facer unha aventura.
O día era alegre pero para min triste cando fomos zarpar e vin aos meus pais que me dicían adeus, eu xa pensaba que non os volvería a ver nunca mais. Para min un mes era como un ano.

Dalí a pouco cando xa levábamos contemplando moito rato a paisaxe eu empecei a cantar e a bailar, era como se do suíto me nasase unha cousa pola cabeza que me deu

O globo cada vez subía e subía mais arriba até que por fin enriba das nubes.

Quedámonos moi asombradas cando apareceu un cartelíño que dicía :"Benvindos ao país do chocolate". Ao principio pensábamos que era unha visión nosa pero non, era verdade, xa que todo era de chocolate. Era como unha cidade, casas, camiños animais, páxaros, coches, árbores, etc, pero moito mais pequenínho parecía de xoguete.

Os habitantes eran regordetes e pequenos e cada vez que aparecía o sol botaban a correr até o refuxio municipal e o mesmo fixeron cando chegámos nosoutros.

Ao principio nosoutros tamén nos asustámos pero despois ao ver que pouco a pouco se fan achegando ao globo con moitas caixas cheas de caramelos e lambetadas de chocolate, con caras de amigos perdemos o medo e axiña nos fixemos amigos.

Caomimos moito até o punto de parecer que íamos reventar pero cando mais fartos estábamos un odor delicioso veu ao meu nariz, cando me levantei da cama era a miña nai que estaba facendo chocolate para almorzar.

PAULA VARELA GARROTE.

SONORO OUVIDO.

E un pensamento até o mais lonxe
¿Pano coberto de felicidade
ou soidade formosa e imposíbel?
Dentro fórmase un gostariame,
faría o prohibido,
dormiría nunha nube,
tinxiría o ceu de vermello.
Sería feliz.
Sonoro ouvido,
pensamento coberto de soidade.
Un imposíbel.
Xordo ouvido, a realidade.

POETA PRIVADO.


FORMOSA ESTACION.

Azuis ceus, cheos de verán,
alegría dos penedos.
E a todo o longo do chan,
os nosos corpos ledos.
Alegría dos penedos,
por mantermos apaisados,
e quedos, moi quedos,
sen termos apenas inquietudes nen medos.
E quedos, moi quedos,
ouvindo ouvidos da natureza
alegría dos penedos,
cheos, moi cheos de grandeza.

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS NO INSTITUTO.

por

Nito.



ILUSION.

Espello roto pola espera
dunha mirada de esperanza.
Verde mar dourado de puntillas,
rematado de luceiros.
Cheiro de arume, abismo de espuma e calma,
silenciosas naos,
senlleiras no horizonte.
Reflexos cálidos.
Mirada inalcanzábel
dun soño de luar.
Aroma de pinos beixzándote na pel.
Caricia de ar, fillo do vento.
Cabelos dourados, fillos do sol;
ollos obscuros, fillos da noite.
No ceu chiscanche os ollos
milleiros de anxíños,
eclipsados pola presenza,
maxestuosas, da lua de prata
que doce e voluptuosa olla para ti
fria e impasíbel.
Mais ti, filla da noite;
ti, irmá do vento;
ti, amiga do mar,
corazón de xelo,
sangue de mar
corpo de vidro,
cabelos de seda.
Ninguén te veu antes.
Ninguén te veu despois.
Eu son o primeiro,
eu son o derradeiro.
Eu, iluso, olla para ti.
Estendo as miñas mans, iluso de min,
tentando collerte,
tentando reterte.
Cando desperte xa non estarás aí,
miraxe inalcanzábel
dun soño de luar.

ISABEL MARIA FRAGUELA PEREZ.

CONTOS (QUE NON SON CONTOS) DO TIO PEPE.

"Os dedois cortados".

Van alá xa moitos anos, case que cuarenta, que ocorreu esta historia. Despois de ter triunfado o "Glorioso Alzamiento" en Ourense e vilas cercanas comezou unha forte represión en toda a zona. A parte dos fusilamentos "legais", moitas persoas caían asasinadas pola furia irracional dos novos bárbaros do século XX. Na miña vila, á beira do Miño, non había nen fascistas nin "roxos". Todos éramos moi modernos mais tamén os negros corvos da morte se abateron sobre nós.

Nunca esquecerei o día que se llevaron ao Luis. O seu único pecado era o de ser concelleal do Partido Socialista. Pola fiesta semi-aberta vin como os "señoritos de azul" o sacaron a camollón de casa e fixeron nelles o velho camionete.

A camioneta parou á saída do pobo, mesmo na ponte que se erguia sobre o río, que ali ía encaixonado e con pouca auga. Escondinme tras uns penedos e esperei ouvir os tiros, pero non souo nengun. Atrevinme a mirar e vin con horror como se dispofian a guindar ao meu irman da ponte abaixo. Por uns instantes a suas mans ficaron tensas e nervudas, collidas á baranda da ponte, e un dos sicarios non dubidou en atestarlle un machetazo na direita. Luís caeu ao vacío con un berro arrepiante. Os dedos cortados ficaron tirados na estrada destilando sangue..."

Até aqui a historia tal como lla teño ouvido ao meu pai. Todo parece ter rematado, mais non foi así.

Hai uns meses, sain da casa ao mediodía e fun tomar una caña a un bar que hai perto da casa. A miña beira, Don Xosé, un honrado comerciante, respeitdo e temido de todos, fixo ademán de pagar una ronda. Nese momento, un descoñecido que se ergueu dunha mesa próxima, tocoulle no lombo: "¡Non, Don Xosé, esta ronda págoa eu!" Dixo pousando con forza no mostrador unha man sen dedos.

K.

O SOL DA MORTE, A LUA DA VIDA;

A chuvia relumeaba en van
o sol facíase dono e señor,
as paracaïdistas gotas caídas
sobre as retinas dos cristais
facían unha peregrinación
onde a morte lles agardaba
desde o marco do cristal.

A furia de Neptuno agudizábase
por momentos, a guerra entre os
trevóns e os raios de sol era
de esperar, mentres que as pequenñas
flores pedíanlle ás gotas que lles deixasen
os aguillóns da vida que serían recollidos
de gran agrado polos seus capullos.

Un culto dirixido pola
pola mais pequena das gotas, pedía
cun choro nos ollos da pequena,
que o sol non saíse,
que deixase paso á lua
para que a vida nelas
durase unha miguiña más.

Manuel Andrés.

A CITA.

Cando eu ía pasour á beira do mar
acerca do meu pícaro que empulles a querer,
— Panxudo, prezadizo, que malqueres dices?
— Cada vez que vences, dices que vences.

A CITA.

Cando eu fa pasear á beira do mar
achegóuseme un páxaro que estaba a voar.
-Paxariño, paxariño, que me queres dicer?
-Que te espera unha mocíña ao entardecer.
-Dime paxariño quen é esa mocíña.
-Unha cinderella que está nunha cociña.
-Oes paxariño a qué hora me queres citar?
-Á mesma hora en que as vacas deixan de pastar.
Foise o páxaro e eu dediqueime a esperar
pero esa cinderella non aparecia
e até cheguei a pensar que non existia
pero o instinto díxome que tiña que esperar.
Non perdiñ a esperanza e vina aparecer.
Era unha doncela moi fermosíña.
Cando se achegou a min crin desfalecer.

XOAN CARLOS MARTINEZ (MACA).


XX

Un paso mais no andar da vida,
atrás queda a tua nenez.
Sempre foche tímda, mais
agora desperta, é hora.
Non teñias medo, veña érguete
axiña, ten que ser agora.
Foxe do inverno cru que tes
diantre, logo virá o futuro
se o agardas con esperanza.
Nesta mollada primavera
está a tua solución.
Non é mais. Só unha miraxe.
Só estás, verde como nunca.
Olía os páxaros, non te pares, ti tamén podes voar como
se foses un deles, só voa, e verás que non é difícil.
Non te pares xa, só voa.

ROGINANTE.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

1986



SEMBLANZA DE AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.

Nasceu en Seivane (Lugo) en 1909 e morreu en Santiago en 1961. Aprobou primeiro e segundo de latín no Seminario de Mondoñedo no ano 1924. Fixo os primeiros versos no 1925 e no 1927 (o ano en que Dámaso Alonso e Aleixandre se reunían en Sevilla para homenaxear a Góngora) obtivo o primeiro prémio de poesía. No ano 1930 publicou Senardá (cincuenta sonetos en metro vário) que abrangue a produción de 1928-29.

Tres anos despois editou Corazón ao vento. Deu á imprensa mais tarde un volume de versos en castelán : Contra el ángel y la noche.

No 1947, Iglesia Alvariño publica Cómaros Verdes no que amostra un novo avance na sua liña lírica. Publicou mais tarde, e sucesivamente, De día a día, Nenias e Lanza de Soidade, nos que destaca a preocupación polo tema da morte. Un tema que o poeta cantou en versos ateigados de cultura, escritos con rexa vontade de axeitar a forma ao contido conceitual. En 1964, editouse como libro póstumo, Leva o seu cantar.

A obra poética de Aquilino Iglesia Alvariño revela, en todo caso, un grande coñecemento dos clásicos latinos dos que el tira unha versión galega chea de bucolismo agrario. Educado na métrica clásica aportou á poesía galega a écloga de empaque virxiliano e temática vernácula. Traduciu formosamente á nosa lingua os Carmina de Horacio. Como prosista deu a coñecer varios ensaios. Tivo unha grande preocupación pola lingua galega e dedicou moitos anos á recollida de léxico para un dicionario que deixou sen rematar. Despois de abandonar os estudos eclesiásticos, Iglesia Alvariño dedicouse ao ensino privado. Obtivo a licenciatura na Facultade de Letras compostelana. Opositou á cátedras de Latin, que desempeñou nos institutos de Lugo, Pontevedra e Santiago.

Con Aquilino culmina un dos grandes troncos da nosa lírica contemporánea : o que o escritor Méndez Ferrín denomina como formalista e que tivera inicio na obra do noso bardo decimónico Eduardo Pondal.

A seguir unha pequena escolla dos seus textos :

Era un mencer de San Xoán.
Bañábase tras dos pinos,
como unha ninfa, a mañán.

O sol -un sátiro louro-
desfoliou nos salgueirais
unha gargallada de ouro.

Ela, toda ruborosa,
fuxiu por entre os pomares
de Oural, vestida de rosa.

Mollada a sua cabeleira,
pasou polos prados verdes.
-Estaba a erba mollada...-

Nos soutos de Val Miñor
deixou, coa presa, enguetada
unha madeixa de sol

Pasou lixeira, lixeira,
por un cómaro florido,
a carón dunha silveira.

Díxolle adeus ás rosas
noviñas, cando pasou,
e quedaron señardosas.

Víranas pasar os vales.
Víranas os ermos esquivos
e os escuros piñeiraes...

Todos a viran pasar.
Ia lixeira, lixeira.
-Disque se afogou no mar...-

De Corazón ao vento.

POLOS VELLOS POETAS QUE FORON.

Houbo un tempo feliz
no que o silencio obscuro con ollos sempre abertos
dos negros bronces das linsas
acendia os pulsos e as chincheiras
dos meus amigos
os vellos poetas do mar e do vento,
os que cantaron as crinas formosas dos cabalos de Asia
e as proas das negras naus.

Cando estes poetas morreron,
naceulle no oco do seu peito un silencio harmonioso
de moi finas erbas de odor
e longuísmo vento do mar.

Os outros amaron xa os dias breves como vasos
e os vasos ben colmados
dun viño loiro como o sol.
Son os meus amados poetas do Mediterráneo,
os finos amadores dos pazos brancos de África,
e os outros,
os ledos feirantes das vinguelas flautistas de Lídia.

Mais estes ainda non morreron,
que no fundo dos grandes vasos do porto, á meia-noite,
cantan os seus versos de ouro
a alegria das pernas finas, e áxeis, e fortes,
e das gargantas lisas como cera
que tremer de suxas
e unha música que non sei de cristal como lume.

Tamén amaron cousas belas
os poetas aqueles das cidades novas e fráxeis como vidros
e brancas pombas ao mencer.
Tamén amaron cousas belas.
Mais a sua alma estaba chea de medos,
e de longuísimas noites sen amor nen viño,
e de remotas princesas de tempos idos, mortas,
doces saudades de neve derretida.

Cando mármores e bronces
resucitaron a luz formosa da sua noite,
os poetas amaron outra vez
o viño roxo, e as pombas,
e as mozas ledas e fortes.

Despois viñeron outros poetas e outros.
E ainda os poetas sen sorte, meus avós tan tristes,
os que soñaban con mortes moi tremendas,
con asfixias sen consolo nos cuartos do hotel,
cos ollos fundos das pistolas de gatillos negros.

Ai, que alta e remota
baixa a sua voz obscura, son amigo!
Ai, que saudade das suas maos, páliditas como a cera,
e das suas cabezas ladeadas docemente.

Mais que vaga ternura enche ainda o silêncio
que abriron os seus versos como alas?

De Nénias. 1946.